



Corpus Christi

2026

Queridos irmáns,

Porque o pan é un, nós, sendo moitos, formamos un só corpo, pois todos comemos o mesmo pan. Porque non o transformamos en nós, senón que somos transformados Nel.

Este pan vivo baixado do ceo non nos achega simplemente unha enerxía material; está habitado polo Espírito do Señor, pola súa Persoa. É o don da súa humanidade, que se nos entrega no seu corpo e no seu sangue, e que está chea de vida para sempre, que é fonte de vida que destrúe a morte. É un pan novo, a carne do Señor entregada para a vida do mundo, nun xesto do seu Corazón feito de amor, infinito e invencible que vén de Deus. E unímonos, cunha resposta de fe, que é admiración, agradecemento e amor ao Amigo que deu a súa vida por nós.

Formamos un só corpo, unidos a Xesús, nunha comunión que nos abarca a todos nós. Que puido perdoar os nosos pecados, que nos coñece desde dentro, que nos enche de esperanza e de paz, e que renova completamente os nosos criterios de xuízo e a nosa mente. Non podemos negar o Amor con que nos amou, no que temos a nosa esperanza para esta vida e para a futura, para nós e para os nosos seres queridos. E por iso non podemos ter un criterio diverso, un espírito contrario ao seu; sabemos que a verdade máis grande é este amor co que habemos de mirar o noso próximo, co que habemos de amar a vida, co que habemos de amar a Deus.

Formamos así unha gran unidade presidida e coidada polo Pastor e Bispo das nosas almas, a quen adoramos, Xesús Sacramentado. É unha gran unidade visible neste mundo, unha fraternidade que sería imposible entre nós, pecadores, se non estivésemos unidos Nel. Esta fraternidade nosa é real, é visible, é universal; porque non se pecha a ninguén no mundo enteiro, é a verdade de todo home, e tamén é a miña, a de cada un de nós. Esta fraternidade, esta unidade universal ten tamén unha cabeza visible, o Papa, que hoxe se chama León XIV e sempre é o sucesor de Pedro. Estamos unidos co Señor, que permanece connosco todos os días ata o fin do mundo; estamos unidos con Pedro e os seus sucesores ata hoxe; cos apóstolos, con Santiago, e os seus sucesores ata hoxe; estamos unidos como un inmenso Pobo de Deus.

Por iso podemos ser no medio do mundo un signo de unidade, de caridade, de fraternidade. Estamos chamados a poñer as nosas enerxías ao servizo do ben que temos encomendado na nosa vida, dos nosos irmáns, en particular dos que sofren. Estamos chamados a ser unidade visible que sexa caridade, tamén visible, creativa; que busque as formas mellores, que intente responder os problemas verdadeiramente, que non se esconda ante a mentira ou a violencia. Porque ama ao irmán; porque non pode negar a Deus, negar ao ben e á verdade que nos encomendou que coidemos.

Celebramos hoxe a nosa unidade co papa León XIV. A súa visita lémbra-nos que a Igrexa, este Pobo fraterno, unido e universal, existe no medio do mundo, é unha esperanza para todo o xénero humano. E tamén aquí é unha esperanza, nos nosos pobos, parroquias e cidades, onde todos nós estamos chamados a facer presente esta fraternidade, esta unidade nova que o Señor Xesús fundou neste mundo.

Contemplando o Santísimo Sacramento, contemplamos e adoramos o fundamento da nosa existencia; que sabemos que permanecerá sempre e que nos poderá salvar. Que, cando todo se cambalee e a nosa vida mesmo se acabe nesta terra, permanecerá como pan vivo baixado do ceo, pan de vida eterna, que nos soste-rá sempre.

A El dámoslle grazas hoxe publicamente. Facémolo encomendándolle con toda confianza o que máis queremos, ás persoas que levamos no corazón, as urxencias da nosa sociedade e do noso mundo; e hoxe, especialmente ao Papa León XIV, para que no seu ministerio cumpra verdadeiramente a misión de facer presente o Amor do Señor, de Xesús Sacramentado, e traia a fe, a esperanza e a paz ao mundo enteiro.

+Alfonso,
Bispo de Lugo